

Recadávivas Compilations

Fraseoloxía do noroeste de Valdeorras

Phraseology of Northwestern Valdeorras

Noelia Estévez Rionegro

Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades

Resumo: Compilación de material fraseolóxico dos concellos de Petín, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras elaborada entre os anos 2013 e 2014.

Palabras clave: fraseoloxía galega, traballo de campo.

Abstract: Compilation of phraseological material from the municipalities of Petín, A Rúa and Vilamartín de Valdeorras, undertaken between 2013 and 2014.

Keywords: Galician phraseology, fieldwork.

1. Introducción

1.1. Localización e contido

Preséntase, neste traballo, unha compilación de unidades fraseolóxicas recollidas na comarca de Valdeorras (nordeste da provincia de Ourense) entre os anos 2013 e 2014. O enclave de Valdeorras posúe unhas características xeográficas singulares: dista ao redor de 100 quilómetros da capital ourensá e linda coa provincia de Lugo e a comarca leonesa do Bierzo. A súa localización é chave á hora de interpretar determinados trazos lingüísticos propios dun dialecto no que conflúen características propias e alleas, produto da proximidade coas mencionadas áreas xeográficas e lingüísticas. A fala das comunidades veciñas deixa pegadas na gramática e no léxico do dialecto valdeorrés e, polo tanto, tamén nas expresións, fórmulas, locucións e refráns que os valdeorreses empregan nos seus discursos.

Participaron na elaboración desta recadádiva 15 informantes, nados e residentes en distintas parroquias dos concellos de Petín, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras. Na maioría

Data de recepción: 17.3.2014. Data de aceptación: 26.5.2014.

dos casos, as recollas foron realizadas a partir da escoita de discursos espontáneos; noutros, son produto das lembranzas dos informantes, o que impide, ás veces, coñecer con total exactitude a procedencia da unidade fraseolóxica evocada.

Divídese a colección en locucións, fórmulas, refráns, dialoxismos, trabalinguas, cantigas e expresións monolexicais, segundo a forma e o significado da unidade e ofrécense explicacións lingüísticas dos casos máis representativos da fala de Valdeorras. Nalgún caso, apúntanse datos de índole histórica sobre a orixe da expresión e outros baseados no saber popular do que son coñecedores os informantes e a autora.

Todas as expresións e, sobre todo, os refráns amosan unha panorámica ben definida e bastante completa da cultura de Valdeorras, os seus costumes e a súa idiosincrasia. A temática é variada e abrangue desde os recursos naturais e xeográficos da comarca ata as fontes de sustento, os labores e os produtos gastronómicos que a definen culturalmente. Os saberes sobre micoloxía e enoloxía emerxen recorrentemente no discurso dos valdeorreses como produto natural da súa realidade máis inmediata; este feito motiva a aparición de abundantes unidades fraseolóxicas que aluden ás ciencias mencionadas e que predominan na compilación de refráns xunto coas de fenómeno meteorolóxico e aquelas que exaltan ou caricaturizan as vilas e as aldeas veciñas e/ou as súas xentes. Prescindo de reproducir nesta recadádiva todos os refráns sobre micoloxía recollidos que xa foran publicados con anterioridade en Ruíz Leivas (2002), o traballo máis completo na actualidade sobre fraseoloxía de temática micolóxica de Valdeorras, e inclúo só os inéditos.

1.2. Características lingüísticas desta recadádiva

Dende un punto de vista lingüístico, o galego de Valdeorras enmárcase no bloque oriental-central e constitúe unha subárea con trazos propios que a identifican e diferencian dentro do seu grupo (*vid.* Fernández Rei, 2003). Pero, ademais, a isoglosa *muito / muto* permite distinguir dúas microsubáreas dentro do propio dialecto valdeorrés: O Bolo-Viana e Valdeorras occidental, a que aquí nos ocupa e da que cabe destacar os seguintes trazos:

Palatalización de *a* átono (A>E) e ditongación (A>EI) nos adverbios de lugar: *eiquí, eí, elí*.

Evolución do grupo latino –ULT– en –UI–: *multum*>*muito*.

Terminación dos substantivos e adxectivos en –au: *irmau*.

Formación do plural en –is nos substantivos e adxectivos rematados en –n. Cabe sinalar o caso de *bois*, plural do adxectivo *bon* na súa forma dialectal valdeorresa.

Formación do imperativo dos verbos da primeira e da segunda conxugación en –ai / –ei: *casaime, collei*.

Presenza de castelanismos léxicos: *adiós, cazuela, lana, caballero, plato*.

Castelanismos nas formas verbais: *vuela*.

Castelanización de formas galegas: *senderilla* (en galego, *sendeiríña* e en español, *senderuela*).

Hiperenxebrismos: *hueveiro*.

1.3. Características xeográficas desta recadádiva

Ademais dos trazos lingüísticos, cómpre sinalar a abundante toponimia que se extrae da fraseoloxía da comarca, na que se nomea unha gran parte das vilas, parroquias e lugares que conforman o occidente valdeorrés.

Preséntase, a seguir, a nómina de topónimos mencionados na recadádiva cunha breve descrición e localización xeográfica (pódese obter máis información ao respecto a través dos recursos electrónicos citados na bibliografía):

A Rúa: concello do nordeste ourensán que linda ao nordeste co municipio lugués de Quiroga, ao sueste con Larouco, ao leste con Vilamartín e ao sur co río Sil, que define o seu linde co concello de Petín.

Casares: lugar da parroquia de Peites (San Martiño), no concello de Ribas de Sil (Lugo).

Fontei: lugar da parroquia da Rúa de Valdeorras, concello da Rúa.

Larouco: concello do nor-nordeste da provincia de Ourense.

O Barco: concello situado no extremo nor-nordeste da provincia de Ourense, localizado ao fondo do val do Sil, baixo a Serra do Eixo.

Peites: lugar e parroquia do concello de Ribas de Sil (Lugo).

Petín: concello do nordeste ourensán que linda cos municipios da Rúa e de Vilamartín de Valdeorras, ao leste co Barco de Valdeorras, ao sur co Bolo e coa Veiga e ao oeste con Larouco.

San Paio: lugar da parroquia de Mones, concello de Petín.

Somoza: lugar da parroquia da Rúa de Valdeorras, concello da Rúa.

A Pobra de Trives: municipio da comarca do mesmo nome na provincia de Ourense, sitúase ao occidente da Serra de Queixa e baixa cara ao oeste e cara ás ribeiras do río Bibei.

Vilamartín: concello situado ao nordeste da provincia de Ourense e ao norte da comarca de Valdeorras.

Vilela: lugar da parroquia da Rúa de Valdeorras, concello da Rúa.

2. Recadádiva

2.1. Abreviaturas

l. s.: locución substantiva

l. adx.: locución adxectiva

l. v.: locución verbal

l. adv.: locución adverbial

2.2. Locucións

1. **darlle ao trápele** *l.v.* Falar moito con alguén, estar de parola. *Leva dúas horas dándolle ao trápele coa veciña. Trápele* pertence á familia léxica das formas *trapalear* e *trapelear*, presentes ambas as variantes no dialecto valdeorrés. A primeira rexístrase, en Constantino García González (1985), co significado de “conversar confundiendo las cosas” e a segunda, no *Apéndice ao Diccionario de Eladio Rodríguez*, como “charlicar, ser indiscreto, no callar las cosas (Láncara)”, en Aníbal Otero Álvarez (1977) “chachabellar” e no DRAG “contar trapeleadas”, chismes, contos. No galego de Valdeorras *trapelear* / *trapalear* empréganse, con certo ton despectivo, para aludir ao feito de falar alguén sobre algo que non provoca interese no interlocutor. *Non sei que trapalea dende a cociña.*
2. **cheirar como a bubela** *l.v.* Cheirar mal. *Vaite bañar e cambiar de roupa, que cheiras como a bubela!*
3. **facer a/unha allada** *l.v.* Facer os cativos unha trasnada. *Descóidome un intre e xa está a facer a allada, é un cativo moi traste!*
4. **traer un corroverás, que anda p’adiante e p’atrás** *l.v.* (de *corre e verás*). Non traer nada. Xogo de palabras que se emprega para dicirlle a un cativo que non se lle trouxo un agasallo. *Que que che trouxen? Un corroverás, que anda p’adiante e p’atrás.* En Montefurado (Lugo) existe a variante *traer un corroverás con sete mazás.*
5. **parecer un zarampallo** *l.v.* Ir mal amañado. *Con eses pelos parece un zarampallo!*
6. **coma un cesto da vendima** *l.adx.* Aplícase ás persoas preguiceiras, torpes e/ou sen aptitudes para o traballo. *Xan non vale para axudar na matanza, é coma un cesto da vendima.*
7. **máis burro ca un cesto / burro coma un cesto** *l.adx.* Aplícase ás persoas ignorantes. *Este rapaz non sabe nin cal é a capital de Francia, é máis burro ca un cesto!*
8. **nin fol nin farrapos de gaita** *l.adv.* Significa ‘nada’, ‘ningunha cousa’. *Fun á feira e nin fol nin farrapos de gaita, non había o que buscaba!* Existe unha variante que substitúe *fol* por outra realidade mencionada no discurso ou no diálogo: *-Mamá, dásmeme un euro? -Nin euro nin farrapos de gaita.*
9. **ter máis limos cás fontes vellas.** *l.v.* Con connotacións sexuais, dise da muller promiscua. *Esa rapaza déitase con todos, ten máis limos cás fontes vellas.*
10. **máis basto ca unhas bragas de esparto** *l.adx.* Aplícase ás persoas brutas na fala e no carácter. *A filla do veciño di muitísimas palabrotas. É máis basta ca unhas bragas de esparto.*
11. **andar de chaculeteira/o** *l.v.* Meterse na vida privada da xente. *Non sei para que lle preguntaches nada ao veciño, que máis che dará o que faga coa súa vida! Muiito che gusta andar de chaculeteira!*
12. **ter [unha] xostra** *l.v.* Ter preguiza, desgana. *Con esta calor non apetece facer nada, eu teño unha xostra...*

En Eladio Rodríguez (1958-1961) e X. L. Franco Grande (1972), baixo o lema *xostra*, dáse conta do emprego, nalgunhas zonas, desta locución co significado mencionado: “En algunos sitios se dice *ter xostra*, como equivalente a *ter doca*, *ter galvana*, *ter maiola*, *ter lorana*, *ter morlana*, etc., es decir, tener pereza o abulia” (Franco Grande, 1972).

13. **ir máis cheo que un rato enriba dun queixo.** *l.v.* Mostrarse contento ou orgulloso dun mesmo. *María sacou a mellor nota da clase e vai máis chea que un rato enriba dun queixo.*
14. **non dar nin pra un plato de caldo.** *l.v.* Dise das persoas que están moi delgadas. *Este rapaz está moi fraco; non dá nin pra un plato de caldo!*

2.3. Fórmulas

15. **Trapalatrá, María Manuela.** Expresión que se emprega ante persoas que falan sen fundamento e/ou con enredos ou esaxeracións. Serve para expresar indiferenza ante un discurso que se sabe banal ou inverosímil. *–Díxome que na súa viaxe aos Estados Unidos fora ás Vegas, que gañara mil dólares na ruleta e que os gastara nunha viaxe en limusina... - Trapalatrá, María Manuela.*
En Carballeda de Valdeorras existen as variantes *Trápala trápala trápala* e *Chaparrachá, María Castaña* e en Vilamartín a forma abreviada *chaparrachá*.
16. **Pau porque aras, pau porque non aras.** Expresión de queixa que se emprega cando nada do que un fai satisfai a outra/s persoa/s. *Cando me preocupou por ti pareceche mal e cando non o fago tamén. Pau porque aras, pau porque non aras.*

17. **Vamos, reluz, pónteme na punta da luz.** Fórmula que empregaban os rapaces cando ían á rebusca despois da vendima, apelando a un raio de sol que os axudase a atopar algo. *Non atopo nin un racimo! Vamos, reluz, pónteme na punta da luz!*
18. **Van para Trives e son cabezudas.** Expresión de enfado que se emprega cando alguén conta algo que o interlocutor sabe que non é verdade. *–Profesor, non puiden facer os deberes porque me roubaron o caderno. – Van para Trives e son cabezudas! Pero ti pensas que alguén vai crer iso?*
19. **Na vida dos nados!** Expresión de asombro que denota incredulidade. *Este ano, os nosos tomates maduraron en abril. Na vida dos nados!*
20. **Virxe das Pimpirilliñas, madre, casaime!** Exclamación que se emprega ante algo que parece difícil ou imposible de conseguir. *Pero que difícil é facerlle entender algo a este home! Virxe das Pimpirilliñas, madre, casaime!* Dise popularmente na zona que *Pimpirilliñas* ten o significado de ‘marabillas’ e que a expresión procede da súplica á Virxe dunha rapaza que quería casar. É común o emprego da fórmula acurtada *Virxe das Pimpirilliñas!* co mesmo sentido. *Oh, Virxe das Pimpirilliñas, calarán estes nenos dunha vez?*
21. **Árdelle o carallo ao moucho / Víuselle o carallo ao moucho.** Expresión de asombro que se emprega cando alguén moi tranquilo saca o carácter. *María púxose furiosa coa noticia, co coitadiña que parecía... Víuselle o carallo ao moucho!*
22. **Eí vai un!** Expresión de asombro e incredulidade. Emprégase ante unha esaxeración ou fanfurriñada do

- interlocutor. - *O meu fillo nos dous anos que estivo en Madrid fixo tres carreiras! - Eí vai un! Iso é imposible!*
23. **Adiós que te fuches!** Exclamación que indica fracaso. Emprégase cando algo se dá por perdido. *Ou gañamos esta man ou adiós que te fuches, perdemos a partida.*
24. **Furga na cinsa, furga no lume e non se lle pode quitar o costume.** Fórmula que se aplica aos rapaces inquedos e revoltosos (vid. 82). *Este rapaz está todo o día revolvendo! Furga na cinsa, furga no lume e non se lle pode quitar o costume.*
25. **Figo maduro, ao cacharulo.** Voz onomatopeica que empregaban os cativos imitando o canto do ouriolo (*Oriolus oriolus*). Emprégase para indicar que o froito da figueira xa serve para comer. *Xa maduraron os figos. Figo maduro, ao cacharulo.*
- 2.4. Refróns**
26. **(As castañas) en agosto arder e en setembro beber.** Alude ás condicións atmosféricas ideais para que a produción de castañas sexa boa. *A chuvia a finais do verán é moi boa para as castañas, en agosto arder e en setembro beber.*
27. **(Se te queres casar busca) vaca da montaña e boi valdeorrés.** Exaltación das calidades dos homes da comarca e das mulleres das montañas que rodean o val. *A miña muller é moi xeitosa, como todas as de Manzaneda. Xa sabes: vaca da montaña e boi valdeorrés!*
28. **A pita onde ten os ovos ten os ollos.** Fai referencia á constante vixilancia e protección das galiñas cos seus ovos. *A ver se podo despistar a pita e coller os ovos; non vai ser doado porque a pita onde ten os ovos ten os ollos.*
29. **Auga de mediodía, auga para todo o día.** Prognostica unha tarde e noite chuviosas cando chove ao mediodía. Ningún informante é consciente de que se basee en ningún coñecemento real de climatoloxía, nin científico nin popular. *Hoxe xa non para de chover en todo o día! Auga de mediodía, auga para todo o día.*
30. **Ave que corre, nada e vuela, á cazuela, incluídos o moucho e a bubela.** Variante do refrán castelán *Ave que vuela, a la cazuela*. Emprégase para salientar as propiedades culinarias das aves en xeral. Nótese o emprego dos castelanismos *vuela* e *cazuela* para obter a rima coa forma galega *bubela*. *—De verdade que ides comer pichóns? —Claro, están boísimos! Ave que corre, nada e vuela, á cazuela, incluídos o moucho e a bubela.*
31. **Boi que non ares pa' Peites ou pa' Casares.** Aplícase ás persoas preguiceiras que non son eficaces realizando unha tarefa. Referido ás parroquias do municipio Ribas de Sil (Lugo), que linda ao norte con Quiroga (Lugo) e ao sur coa provincia de Ourense, delimitando a fronteira o curso do río Sil. Nos seus terreos predominan os soutos, sendo a produción de castaña a actividade máis característica destas aldeas. O sentido do refrán vén da comparación entre os terreos de Valdeorras, propicios para a agricultura (e, especialmente, a viticultura), e os soutos e os montes dos lugares de Peites e Casares. Existe a variante *boi que non ares vas pa' Casares* co mesmo sentido. *Como non vendimes ben, mándote pr'a casa. Boi que non ares pa' Casares.*

32. **Cando apunta a teta, carallín caralleta.** Con connotacións sexuais, refírese á puberdade da muller. *María só ten 15 anos pero xa é unha mulleriña e ten moitos pretendentes; cando apunta a teta, carallín caralleta.*
33. **Cando as nubes corren pró Cebreiro, colle a capa e o sombreiro; cando corren pra Viana, colle os bois e vai á arada.** Baseado no saber popular, predición meteorolóxica en función da dirección que seguen as nubes, dende a perspectiva xeográfica da comarca de Valdeorras: se van cara ao Cebreiro, irá mal tempo, se van cara a Viana o tempo será bo, favorecendo os labores do campo. *Parece que vai estar boa tarde. Cando as nubes corren pró Cebreiro, colle a capa e o sombreiro; cando corren para Viana, colle os bois e vai á arada.*
34. **Cáveme quen queira, pódeme quen saiba.** Referido aos labores vitícolas e á importancia dos coñecementos necesarios para levarlos a cabo. *A poda é unha das cousas máis importantes no coidado das viñas: cáveme quen queira, pódeme quen saiba.*
35. **Comer fungos con apreensión fan dano ata os bois.** Alude ao medo de comer cogomelos ante a posibilidade de intoxicación. Nótese a presenza do trazo lingüístico característico da fala valdeorrés na formación do plural do adxectivo *bon* (normativo, *bo*) en *-ois*. *Come sen medo os choupíns, que comer fungos con apreensión fan dano ata os bois.*
36. **De pais gatos, fillos mixiños.** Alude ao parecido entre pais e fillos referido, especialmente, ás actitudes e comportamentos. Equivalente ao español de *tal palo, tal astilla* ou ao galego de *pais porcos, fillos marraus. É tan mentireiro coma seu pai. De pais gatos, fillos mixiños!*
37. **Do mar, o mero e do Barco, o botelo.** Refrán que pondera a calidade do produto máis representativo da cultura gastronómica da vila. Lema dos anos setenta que se popularizou en adhesivos para os vehículos e que foi retomado como reclamo publicitario da popular Festa do Botelo, encontro gastronómico anual que se celebra no Barco de Valdeorras para darlle promoción a este produto. *Encarguei botelos de Valdeorras, é onde mellor os fan; do mar, o mero e do Barco, o botelo.*
38. **En abril, o porco ao cubil.** Alude á época do ano na que se adoita mercar os porcos para metelos na corte e comezar a cebalos ata a matanza. *Hai que ir á feira mercar os porquiños, que xa estamos na primavera e en abril o porco, ao cubil.*
39. **En abril, setas mil.** Alude a unha época do ano na que abundan os fungos. Probablemente, relacionado co tópico do ‘abril chuvioso’ e a proliferación de fungos a causa da auga. *A xente só adoita buscar setas no outono, pero en abril, setas mil.*
40. **En Larouco, en cada casa, un louco.** Burla entre vilas veciñas sen máis razón que a busca arbitraria de rima. *É de Larouco? Ui, en Larouco, en cada casa, un louco.*
41. **En Larouco, muito viño e/pero pan pouco [e o pouco que hai cómeno os de Larouco]** Referido ao concello valdeorrés, onde predomina a actividade vinícola como motor económico, e burla á carencia de máis fontes de sustento. Úsase tanto na

- forma abreviada como na plena. *Mañá é a feira do viño en Larouco... Boh! alí muito viño pero pan pouco.*
42. **En maio ou abril ou o cuco ou a fin.** Referido ao mal tempo propio dos meses de marzo e abril, agoiro da continuación do clima propio do inverno durante a primavera, se esta non se manifesta no inicio da estación. *Estamos en abril e mira que frío vai, peor que en decembro! En marzo ou abril ou o cuco ou a fin*
43. **En xaneiro entra o sol en calquera regueiro, pero a finais, non a primeiros.** Refírese ao aumento das horas de luz ao rematar o mes de xaneiro, cando os días comezan a ser máis longos. *Moito creceron os días desde o Nadal. En xaneiro entra o sol en calquera regueiro, pero a finais, non a primeiros.*
44. **Eu fun a Petín e repetín / Eu Petín e repetín.** Exaltación da vila e do seu atractivo para quen a visita. Expresión popularizada a partir do seu emprego como lema dun grupo de amigos que acudía á vila por segunda vez, satisfeitos da súa primeira visita. *En Petín sempre se pasa ben, eu Petín e repetín!*
45. **Febreiriño mocho cos seus días vinte e oito e o que ben os contou vinte e nove lle sacou.** Alusión ao número de días do mes de febreiro en función de se é ou non bisesto. *Este mes é curto, xa verá como logo pasa. Febreiriño mocho cos seus días vinte e oito e o que ben os contou vinte e nove lle sacou.*
46. **Febreiro hueveiro.** Alude a un mes do ano no que abundan os ovos, segundo o saber popular do rural (vid. 61). *Temos tantos ovos que non os damos comido, como todos os anos nesta época. Febreiro hueveiro!*
47. **Fillos de carriza nunca foron grandes paxaros.** Aplícase ás persoas de baixa estatura. *Casou cun home máis pequeno ca ela: fillos de carriza nunca foron grandes paxaros.*
48. **Fontei, pobo sen lei; Petín, pobo sen fin; Larouco, pobo de loucos.** Rimas que salientan características das vilas da comarca. Non pretenden ser verosímiles nin un reflexo da realidade, senón que buscan a elaboración dunha rima sinxela en ton humorístico. *—De onde es? —De Fontei, pobo sen lei!*
49. **Fungo á vista non crece nin pizca.** Prevéen en ton supersticioso contra o acto de observar con constancia un fungo que trastorna o seu crecemento. *Esa seta non serve, é moi pequena e canto máis a mires menos crece: fungo á vista non crece nin pizca.*
50. **Hai homes, homiños, macacos e macaquiños.** Referido á superioridade duns homes sobre os outros, por cuestións de físico, idade, personalidade etc. *Non me gusta nada Xoán, é moi infantil; pola contra, o seu irmán xemelgo é moi maduro e responsable... Hai homes, homiños, macacos e macaquiños.*
51. **Non hai peor cuña ca a da mesma puga.** A través do emprego da metáfora botánica referida aos enxertos nas plantas, o refrán alude aos inimigos dentro da propia familia: é peor o que procede da mesma casta ca o alleo. *A súa curmá é malísima con ela, xa lle leva feito moitas faenas. Non hai peor cuña ca a da mesma puga.*
52. **Nubes como a lana, neve na montaña.** Alude á cor branca e ao espesor que adquiren as nubes que se ven dende

- o val de Valdeorras cando neva nas montañas que o rodean (Manzaneda, Trives etc.). *Parece que está nevando en Manzaneda, mira as nubes: nubes como a lana, neve na montaña.*
53. **O mentirán rola e tantarantán.** Burla ás persoas que menten comparando o seu discurso co canto da rola ou rula (*Streptopelia turtur*). *María non di unha verdade, xa todos a coñecemos e non lle facemos caso. O mentirán rola e tantarantán.*
54. **O que debaixo de folla se recolla, dobre se molla.** Advertencia sobre a inutilidade de buscar refuxio baixo unha árbore coa intención de protexerse da choiva. – *Pillounos a choiva! Haberá que meterse debaixo dun castiñeiro. – Iso é moito peor! O que debaixo de folla se recolla, dobre se molla.*
55. **O traballo dun neno é pouco pero o que o perde é un louco.** Referido á axuda que os nenos poden prestar nas tarefas para aliviar o traballo dos maiores. *Menos mal que me axuda a coller as patacas o meu neto; non é que faga moito, pero acabo antes que facéndoo eu só: o traballo dun neno é pouco pero o que o perde é un louco.*
56. **Para a fame, non hai mal pan / pan duro.** Referido á prioridade de mitigar a fame antes que satisfacer o padal. *Só atopei estas galletas na lacena, están algo resesas pero cómoas igual que para a fame non hai mal pan.*
57. **Para cantar viva Trives, para bailar os ruses e para comer patacas, os brutos dos boleses.** Refrán que salienta as características que popularmente se lle aplican ás persoas das vilas mencionadas e que se emprega como burla aos que reciben as calidades máis negativas. *Que brután é ese rapaz, nótase que é do Bolo. Para cantar viva Trives, para bailar os ruses e para comer patacas os brutos dos boleses.*
58. **Para ser puta e non gañar nada, vale máis ser muller honrada.** Referido á inutilidade de realizar unha tarefa ou actividade sen obter ningún beneficio. *Díxenlle ao xefe do proxecto que non colaboraba máis, levo facéndoo cinco anos e nin me paga nin me contrata. Para ser puta e non gañar nada, vale máis ser muller honrada.*
59. **Petín alagado, San Paio ao río.** En relación ás características xeográficas da vila de Petín (no val ao pé do encoro de San Martiño) e á aldea de San Paio (na ladeira da montaña), indica que se Petín se inundase, San Paio quedaría á beira do río. *O embalse está tan cheo que aínda vai inundar o val e Petín alagado, San Paio ao río.*
60. **Petín pitou porque non pasou / En Petín pitou e de alí non pasou.** Dito que rememora un episodio heroico da historia de Petín, cando en 1812 os petineses se enfrontaron ás tropas de Napoleón, derrotándoas e expulsándoas da localidade grazas á valentía e á afouteza das mulleres da vila, as verdadeiras actrices da fazaña. *Os de Petín cando queren sonche bravos, en Petín pitou e de alí non pasou.*
61. **Por San Antón toda galiña pon.** Alude á época do ano, ao redor da festividade de Santo Antón Abade (o 17 de xaneiro), da que popularmente se di que as galiñas poñen máis ovos. *Nesta época sempre temos moitísimos ovos, é ben certo que por San Antón toda galiña pon!*

62. **Se chove o domingo antes da misa, toda a semana de risa.** En ton supersticioso, relaciona o fenómeno atmosférico da choiva coa divina providencia. *Que preguiza me dá saír da casa con esta choiva, menos mal que a semana que entra vai vir boa: se chove o domingo antes da misa, toda a semana de risa.*
63. **Se queres saber o que é camiñar, párate a mexar.** Referido ao feito de perder o ritmo nunha actividade por interrompela momentaneamente. *Non te pares a coller flores que o grupo non te espera e despois tes que correr para collelos. Se queres saber o que é camiñar, párate a mexar.*
64. **Todas son comestibles, pero algunhas só unha vez.** Referido aos fungos cuxa inxestión pode ser mortal. Emprégase en ton de advertencia. *Ten moito coidado coas setas que comes, que todas son comestibles, pero algunhas só unha vez.*
65. **Vale máis fungo perdido que comido.** Fai referencia ao perigo de confundir un fungo venenoso cun comestible, polo que, ante a dúbida, aconséllase non comelo. *Eu non estou segura de que iso sexa un choupín, mellor non o collemos: vale máis fungo perdido que comido.*
66. **Vilamartín, de España, o xardín.** Exaltación da beleza paisaxística da vila. *Vilamartín é unha vila moi fermosa para gozar da natureza. Vilamartín, de España o xardín.*
67. **Volta e media ao pé, senderilla é.** Fai referencia á maneira de recoñecer o fungo *marasmius oreades*, que se caracteriza por ter un pé coriáceo e duro: se ao xiralo aguanta dúas voltas sen romper, trátase dun exemplar

auténtico. O termo normativo en galego para este fungo é *sendeirriña* e o equivalente en castelán, *senderuela*. A forma *senderilla*, empregada en Valdeorras só atopa un equivalente no castelán de Burgos e Soria, onde empregan a mesma variante. Porén, non podemos afirmar con seguridade que esa sexa a procedencia da forma valdeorresa, que tamén se podería atribuír a unha mala adaptación ao castelán de *sendeirriña*. *Xiralle o pé para ver se é unha senderilla. Volta e media ao pé, senderilla é.*

2.5. Dialoxismo

68. (Pastor) – **Marzo, marceiro, ti vaste e eu quedo.** (Mes de marzo) – **Con tres días que me faltan e outros tres que me presta o meu irmau abril, pelexos heiche facer mil.** Referido ao mal tempo de finais de marzo e principios de abril, pasado xa o inverno e comezando a primavera.

2.6. Trabalinguas

69. **Bota pin bota botarrín de bota rota, quen non diga sete veces “bota pin bota botarrín de bota rota” non bebe viño desta bota.** Recítase cando se bebe viño nas reunións de lecer en adegas particulares; a súa complicación aumenta canto maior é o efecto do alcohol.

2.7. Cantigas

70. **Eu fun, eu vin na feira de Petín unha cabra cunha roda e un castrón con violín.** Cantiga infantil que exalta a vistosidade da feira da vila mencionada.
71. **Por esa sala vén relumbrando o/a señor/a [antropónimo] co aguinaldo.**

- Cantiga de Nadal coa que os rapaces introducían a petición do aguinaldo.
72. **Estas portas son de ferro, eiquí vive un caballero. / Estas portas son de estopa, eiquí vive un lapasopas. / Estas portas son de pino, eiquí vive un gran cochino.** Cantigas de Nadal que empregaban os rapaces segundo recibisen ou non o aguinaldo.
73. **Cántoche os reis, guedellos de cabra, cántoche os reis e non me dás nada.** Cantiga de Nadal que empregaban os rapaces para burlarse de quen lles negaba o aguinaldo.
74. **Os de Vilela mataron un burro, os de Fontei comérono crudo e os de Somoza mandaron recado que lles deixaran a punta do rabo. / Os de Fontei mataron un burro, os de Vilela comérono crudo e os de Petín mandaron recado que lles guardaran a punta do rabo.** Entre os cativos da zona, burla propia da rivalidade entre vilas e aldeas veciñas que alude á superioridade dunhas sobre as outras. Existen distintas variantes que intercambian os topónimos. *Os de Petín somos mellores ca os de Fontei en todo. Os de Petín mataron un burro, os de Fontei comérono crudo.*
- ### 2.8. Expresións monolexicais
75. **trapalatrá** Persoa que fala moito e sen fundamento. *Non lle fagas moito caso ao que conta, é unha trapalatrá.* *Trapalatrá* é unha variante do adx. e s. *trápele-trápele* definido no *Apéndice ó Dicionario de Eladio Rodríguez* (1961) como ‘Individuo hablador en demasía y poco sensato (Lugo)’. Pertence á familia léxica de *trápele*, *trapalear*, *trapelear* e *trapelo* (vid. 1). Emprégase tamén a forma *trapalatrá* en fórmulas (vid. 15).
76. **trapela/o** Persoa que fala moito e conta máis do debido. *Fúcheslle contando todo á túa nai, serás trapela!* *Trapelo* aparece documentado no *Apéndice ó Dicionario de Eladio Rodríguez* (1961) e en X. L. Franco Grande (1972) co significado de ‘charlatán, que todo lo habla sin guardar secreto’, en Aníbal Otero Álvarez (1977) como ‘trapeleiro’, en Constantino García González (1985) como ‘cuentista’, en Eligio Rivas Quintás (2001) como ‘charlatán, armadanzas (Aldosende e Paradela, Lugo)’ e no DRAG como ‘que trapelea e non garda segredos’ (vid. 1).
77. **larila** Muller locuaz e/ou rexoubeira. *María é unha larila, todo o fala ela!* Por extensión, persoa que emite un discurso prolongado. *Xa acabou de falar a larila do telexornal?*
78. **bubela** Aplícase ás mulleres que actúan con malicia. Relacionado co mal cheiro da bubela (*Upupa epops*) e os seus sucios costumes, ser sucia en sentido figurado. *Esa veciña é unha bubela, moito mal nos leva feito a todos!* Documentábase a mesma expresión en Eladio Rodríguez González (1958-1961) pero con diferente significado: ‘aplicado a una joven, equivale a llamarle casquivana o locuela’.
79. **chandoiro** Persoa descoidada co aspecto físico. Aínda que a palabra *chandoiro* se corresponde co topónimo dunha parroquia valdeorresa, os informantes non recoñecen na expresión ningún significado asociado a ela nin aos seus habitantes. *O Xabier é moi elegante vestido, o Pablo non, o Pablo é un chandoiro, sempre vai de calquera xeito.*
80. **botaporel/a** Aplícase ás persoas que se sobrevaloran ou que se eloxian moito a si mesmas. *Sempre está a dicir o perfecta que é. É unha botaporela!*

Recóllese no DRAG *botaporela* como substantivo feminino, co mesmo significado. Porén, os informantes recoñecen o emprego das formas masculina e feminina na expresión (*Xoán é un botaporel e María é unha botaporela*).

81. **perexileira** Muller que fala moito. *Ai, ben perexileira es, sempre que te vexo estás de leria con algún!*
82. **unha / un furganacinsa** Persoa inqueda e revoltosa. Aplícase, xeralmente, aos cativos. *Xa me remexiches todo o cuarto! Es un furganacinsa!* Emprégase tamén como formulismo (*vid.* 24).
83. **sarnosa/o** Aplícase á xente coreña ou agarrada. *É unha sarnosa, non gasta unha perra.*
Sarnoso é variante de *sarnento* definido en Eladio Rodríguez González (1958-1961) e X.L. Franco Grande (1972) como ‘persona roñosa y tacaña’ e no DRAG como ‘figurado, extremadamente ruín’.

84. **cimixe** Muller fisicamente ruín, pequena e/ou moi delgada. *A túa compañeira é unha cimixe, mira que está esmirriada!* A palabra *cimixe* recóllese en Leandro Carré Alvarellos (1951 e 1979) e en X.L. Franco Grande (1972) co significado de ‘gorgojo de las castañas’. Emprégase en sentido metafórico comparando a muller de tales características co insecto coleóptero de pequeno tamaño que bota a perder as castañas, froito autóctono de Valdeorras.
85. **haigas** Aplícase ás persoas presumidas e fachendosas. *Antón é un haigas, sempre pide o viño máis caro da carta cando invita a cear os amigos, gústalle que se vexa que ten moitos cartos.* A locución procede do apelativo que se aplicaba, en ton de burla, ás persoas que, enriquecidas pola emigración, presumían mercando sempre ‘o mellor que haiga’.

3. Procedencia das expresións

3.1. Colaboradores e informantes

Pilar Estévez González
Tomás Estévez Martínez
Julia Fernández Domínguez
José Antonio Justo Teixeira
María Losada González
Joaquín Marcos Fernández
Marta Marcos Rodríguez
Asunción Martínez Tato

Adela Mon Rionegro
José Antonio Paradelo
Isolina Pérez Álvarez
Carmen Rey Rionegro
Aurora Rionegro Fernández
Brais Rodríguez Rodríguez
Elvira Rodríguez Sotelo
Albino Yáñez Fernández
Mario Yáñez Pérez

3.2. Lugares, parroquias e concellos

A Portela (Petín), A Rúa de Valdeorras, Baxeles (Vilamartín), Carballeda de Valdeorras, Fonte (A Rúa), Petín, Santo Estevo (A Rúa), Vilamartín de Valdeorras.

3.3. Agradecementos

Ás persoas que actuaron como colaboradoras e informantes, pola súa implicación e interese neste proxecto. Ás xentes de Valdeorras, por manter viva na fala a cultura da comarca.

4. Bibliografía

- FERNÁNDEZ REI, Francisco (2003): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. [en liña]. A Coruña, Real Academia Galega. [<http://www.realacademiagalega.org/diccionario/#inicio.do>] [21.02.2014]
- RUIZ LEIVAS, Cristovo (2002): “Fraseoloxía e terminoloxía dos cogumelos”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* núm. 4, 363-379
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (dir.) (2006-2013): *Diccionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. [en liña]. Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo. [<http://sli.uvigo.es/DdD/>] [21.02.2014]

Referencias electrónicas

- <http://www.arua.es> [Data de consulta: 27.02.2014]
- <http://www.petin.es> [Data de consulta: 27.02.2014]
- <http://www.concellodobarco.org> [Data de consulta: 27.02.2014]
- <http://www.vilamartindevaldeorras.es> [Data de consulta: 27.02.2014]
- <http://www.apobradetrives.es> [Data de consulta: 27.02.2014]
- <http://xunta.es/nomenclator> [Data de consulta: 27.02.2014]
- <http://www.concelloribasdesil.es> [Data de consulta: 27.02.2014]

